

Como consecuencia da supresión da figura de Coordinación de Proxección Internacional e da reasignación de funcións realizadas na Oficina de Relacións Internacionais, procede propor unha modificación da composición da Comisión de Relacións Internacionais aprobada en Consello de Goberno o día 30 de xuño de 2008. A modificación consiste en substituír como membro nato da Comisión a Coordinación de Proxección Internacional por 1 técnico representante da Oficina de Relacións Internacionais.

A composición da comisión quedaría como segue:

- O reitor, ou persoa en quen delegar, que a preside
- O/a vicerreitor/a de Estudantes e Relacións Internacionais
- O/a vicerreitor/a de Organización Académica e Titulacións, ou persoa en que delegar
- O/a vicerreitor/a de investigación, ou persoa en que delegar
- O/a director/a da Oficina de Relacións Internacionais
- 1 Técnico representante da Oficina de Relacións Internacionais
- O/a director/a da Oficina de Cooperación e Voluntariado
- 5 representantes dos coordinadores de Centro
- 5 membros do estudantado a proposta deste sector no Consello de Goberno
- 1 membro do Persoal de Administración e Servizos a proposta do Consello de Goberno